

Resolución do 30 de xullo de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, pola que se fan públicas as cualificacións provisionais do terceiro exercicio

Na sesión do día 30 de xullo de 2022, o tribunal designado por resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG núm. 215, do 20 de outubro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021) ACORDOU:

1. De acordo co estipulado na base 6.1.3 da convocatoria, que establece que para superar o exercicio cómpre acadar un mínimo de trece (13) puntos na primeira parte do exercicio e sete (7) puntos na segunda parte, declarar APTAS neste terceiro exercicio as seguintes persoas aspirantes, con expresión das cualificacións de cada unha das partes máis da cualificación total do exercicio:

OPOSITOR/RA	1ª PARTE	2ª PARTE	TOTAL
María del Mar López González	18,6	9,6	28,20
Cristian Pernas Rubal	16,1	10,35	26,45
Héctor Pardo Álvarez	15,1	10,15	25,25

2. De acordo co estipulado na base 6.1.3 da convocatoria, que establece que para superar o exercicio cómpre acadar un mínimo de trece (13) puntos na primeira parte do exercicio e sete (7) puntos na segunda parte, declarar NON APTAS neste terceiro exercicio as seguintes persoas aspirantes, con expresión das cualificacións de cada unha das probas:

OPOSITOR/RA	1ª PARTE	2ª PARTE
María Bará Louro	8,3	7,85
Paula Alexandre Teixeira	8,8	8,95
Carme María Vidal Reimúndez	17,7	5,15

3. En aplicación da base sexta da convocatoria, publicar a relación anterior na páxina web e máis no taboleiro de anuncios da Administración parlamentaria.

4. En conformidade co disposto na base 6.1.5 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación desta resolución nos lugares indicados.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2022



Raquel Rodríguez Carro

Presidenta do tribunal